



- [Inicio](#)
- [Pé do Galiñeiro](#)
- [O Curuto do Corvo](#)
- [As lecturas do saltimbanqui](#)
- [Un sarillo de cereixas](#)
- [O mirón inconstante](#)
- [A Chan de Valverde](#)

mércores, decembro 07, 2016

(Des)enleando o nobelo



Segundo avanzaba na lectura de *Todo canto fomos* (Galaxia, 2016), a última novela de Xosé Monteagudo, imaxinábame convertido nun mínimo e aparente sarillo, cos cóbados ben pegados ao corpo e os antebrazos ben abertos sostendo unha madeixa de lá mentres miña nai a desenleaba para dar forma ao nobelo. Na altura xa non beaba a ovellume polo coto do Carrio; a res da aldea non subía cara a cima acirrada pola rapazada pegureira; a roca parara de dar voltas e non se ensarillaban madeixas. Nos montes inzaron os piñeiros, desapareceron as pericas e a lá mercábase no comercio.

Rematado o meu estático labor, a nai continuaba a calcetar, con grosas agullas, aqueles abrigosos e coloridos xerseis, nas escuras noites. Que mesturarse dúas cores era frecuente, tres de cando en vez, cinco extraordinario. Isto último é o que fai Monteagudo na súa novela, calceta cinco fíos, cadanseu color, cada un deles autónomo para ofrecernos unha peza rematada con primor. Eses fíos son un escritor do que non sabemos o nome, Amaro, Carlota, Anxo e Maribel. Non fun o único ao que se lle viu ao maxín a imaxe da nai/avoa calcetadora; véxase senón a recensión de Javier Tazón que consultei con posterioridade á lectura.

Unha novela que procura, segundo o autor, fuxir das "múltiples razóns" que "dirixen a literatura galega non infantil nin xuvenil a infantilizarse e xuvenilizarse" para gañarse o favor (e incorporalos á literatura galega) de lectores formados, adultos, que gusten de afrontar unha novela longa (527 p.) e prefiran unha estrutura narrativa complexa, precisa, elaborada con tino, pulso de cirurxián e visión de paciente montador de mosaicos. E, ao tempo, coa pretensión de abranguer o devalar de todo un século, non para ofrecer un relato histórico ou, nin moito menos, afrontar debates historiográficos coas formas propias do relato literario, senón para construír personaxes que teñen a súa propia autonomía máis alá das circunstancias sociais e políticas.

A novela, dun xeito medido, está dividida en seis partes que á súa vez se fraccionan nunha manchea de micro-capítulos ensarillados como punto de calceta. Vai e vén no tempo e no espazo: dos anos vinte ao remate do século pasado; do enceto do século anterior ao franquismo; de Londres a Buenos Aires e, sobre todo, a Pontevedra e os seus arredores. Non hai pois unha narración lineal senón un puzzle, peza aquí, peza acolá que nos achega á vida cotiá duns personaxes cribles que se moven arredor dun feito que os marcará, tanto no antes como no despois. A guerra de España en Pontevedra. O paradigma da España do século XX. O gran trauma definitorio e definitivo. O axioma construtor da realidade pasada e actual, como a revolución francesa na historia de Francia, o III Reich na historia alemá ou a revolución de 1917 na historia de Rusia ou mesmo, como a francesa, no paradigma planetario. A sentenza do século é tamén a da novela.

Non é un relato sobre a guerra ou sobre a persecución franquista. Cómpre ir desbotando xa a expresión "represión"; no noso país non houbo acción previa que desencadease o ciclo acción/represión, senón sublevación militar, golpe de estado e persecución-exterminio das ideas encarnadas en persoas como os protagonistas centrais do relato agás "o escritor sen nome", afastado temporalmente deste feito. Os outros, os represores, ou os beneficiarios da represión, ou os que se sentían cómodos no franquismo... aparecen só como pano de fondo, fóra de foco, como figuras na néboa. Esta opción evítalle ao autor caer nun maniqueísmo frecuentado en exceso.

Cómpre resaltar o esforzo de documentación, o traballo de investigación e, ao tempo, o tino en evitar que este chegue a anular a trama novelesca. Neste senso son de salientar as páxinas dedicadas ao labor de curtidor de Amaro, ás adolescentes

actividades mariñeiras de Anxo (en homenaxe póstuma a Luís Rei), as preocupacións pedagóxicas de Carlota ou as atinadas descrições do ambiente de rúa ou dos faladoiros na Pontevedra dos anos vinte.

E vaise tecendo. Os cinco personaxes que habitan a novela, e algúns outros secundarios como Filomena, que toma dimensión propia, ou históricos como Castelao ou Bóveda, transitan polas páxinas con normalidade, móvense nos seus lugares e tempos e, sen nos decatar, paséannos polo século trágico.

Amaro, emigrante ben novo, enriquecese pola súa vontade no gremio dos curtidos, refuga a vangloria do éxito bonaerense e regresa a Pontevedra para desenvolver un labor empresarial no teatro, na prensa e na librería. Carlota converte a súa profesión en vontade de servizo transformador nunha escoliña de aldea e, tras o fracaso, nunha máis pracenteira na cidade. Maribel, a sufridora, eterniza o amor e o pesar xestionando a librería. Anxo camiña dende a pesadume polo abandono dos labores mariñeiros do pai ata as aulas do instituto cando Castelao interfere no deseño rutineiro. O escritor de éxito descobre a historia da nai para reconciliarse coa filla e enlazar pasado e futuro.

O "escritor sen nome" é o único que narra en primeira persoa, converténdose nun arremedo de guía dun relato que se vai construindo, en parte, a partir do diario de Carlota e dos cadernos de Amaro para desenvolver unha trama , perfectamente dosificada, cunha tensión medida, que atrapa a nosa atención e incita as nosas sospeitas para ofrecernos unha resolución pouco previsíbel, nun prodixioso entretecido que non deixa ningún fío solto, e poñer o ramo a un romance aquelado, deses que chegan ás túas mans e fican no maxín.